

**BOLETÍN
INFORMATIVO**

“ A TODOS OS QUE NOS SENTIMOS PROTAGONISTAS DO CAMPO ”



**COOPERATIVA
MELISANTO**

Agüeiros
FURELOS

MELIDE



Edición Trimestral

Nº 2•3 / 08



981 50 60 26

NOTICIAS BREVES



O pasado 21 de xuño celebrouse a Asemblea xeral da cooperativa na que se renovaron distintos cargos do Consello Reitor, quedando composto o mesmo polas seguintes persoas e postos:

Presidente: D. Pablo Costoya Varela
Vicepresidente: D. Jesús Cándido García Álvarez
Secretario: D^a María Carmen Castro Vázquez
Vicesecretario: D. Miguel Salgado Garea
Tesoureiro: D. José Luís Senín Quintás
Vicetesoureiro: D^a Soledad Agra Fernández
Vogal 1^o: D^a Mónica Penas González
Vogal 2^o: D. Ramón Mato Sánchez
Vogal 3^o: D. Guillermo Vázquez Ares
Vogal 4^o: D. Alfonso Villamor Varela
Suplente 1^o: D. José Manuel Laya Agra
Suplente 2^o: D^a Teresa Mejuto Río

Interventores de contas:

D^a María Carmen Curros Mendoza
D^a Sara Sánchez Loureiro
D. Manuel Antonio Vázquez Buján
Suplente: D. Plácido Gosenge Couso

O novo Consello Reitor non quere deixar pasar a ocasión de felicitar a D. José Varela Segade, ex-presidente de MELISANTO e a todo o seu equipo de goberno, facendo público que será homenaxeado proximamente polos socios da cooperativa. Neste acto, que será anunciado oportunamente, recoñecerase a labor dunha persoa que estivo unha gran parte da súa vida ao fronte do Consello Reitor, afrontando momentos de dificultades e tamén de satisfaccións.



As **inversións realizadas por MELISANTO ao longo do exercicio 2007** e que foron aprobadas na última asemblea xeral, desglosadas por capítulos son as seguintes:

Adquisición finca en Quindimil-Palas de Rei	1.100.000,00 €
Programa informático Sección Horta.....	3.150,00 €
Asfaltado aparcamento instalacións cooperativa	14.000,00 €
Melloras nave Sección Horta (acondicionamento parcela, peche nave, explanada, etc.).....	178.641,28 €
Báscula electrónica instalacións cooperativa	16.000,00 €

Compresor para Taller mecánico.....	2.739,80 €
Diversas máquinas Sección Maquinaria Agrícola (unifeed, tractor, etc.)	267.585,00 €
Neveira para cadáveres avícolas	212,07 €
Servidor informática, impresora e rede wifi para enlazar os tres centros de Melisanto	13.156,84 €
Camión Sección APA Leite	43.500,00 €
Total	1.638.984,99 €



A facturación global da cooperativa no ano 2007, e tamén aprobada na pasada asemblea xeral, alcanzou o valor de 19.794.292,28 €, que desmenuzada por seccións foi a seguinte:

Sección	Facturación en euros
Fábrica de pensos	5.009.006,71
Servizos veterinarios	427.840,50
Tenda agraria	1.013.343,83
Taller mecánico	284.033,34
Economato	575.031,89
Sección Carne	695.969,95
Sección Muxido	137.743,60
APA Leite	10.983.528,74
Servizos centrais	42.855,52
Servizo substitución	15.075,68
Sección Maquinaria Agrícola	160.828,34
Alimentación	125.686,75
A.D.V.	2.621,79
Sección Horta	320.725,64



O beneficio obtido no último exercicio por MELISANTO, 21.137,24 euros, deu lugar á proposta de distribución de resultados aprobada na asemblea do 21 de xuño que de seguido se expresa:

A Fondo de reserva obrigatorio	4.228,00 €
A Fondo de formación e promoción.....	2.114,00 €
A Fondo de reserva voluntario repartible...	7.397,62 €
A Capital social obrigatorio.....	7.397,62 €



Os proxectos aprobados na asemblea xeral para o actual ano 2008 son os seguintes:

-Aqueles que quedaron pendentes do exercicio anterior e que quedaron sen executar (creación dunha Asociación de Defensa Sanitaria de Gando vacún (ADSG), creación dunha Organización Profesional de Froitas e Hortalizas (OPFH), creación dunha Sección Forestal, construción dun Centro de recría de xovencas e un

Cebadeiro de becerros, e a compra dun ecógrafo para os servizos veterinarios), xunto cos de nova programación que a continuación se citan:

-Creación dunha cooperativa con maior dimensión mediante a fusión con outras varias para dar un mellor servizo aos socios.

-Fomentar a creación dunha ou varias empresas agrogandeiras coa participación dos socios interesados.

-Compra ou permuta de terreos para futuras ampliacións das instalacións e proxectos de Melisanto.

-Continuar estudando a posibilidade de urbanizar os terreos adquiridos no SAU-3 de Agüeiros e os situados ao pé do parque empresarial da Madanela.

-Compra de soporte informático para xestionar os temas de rastrexabilidade na produción, elaboración e comercialización dos produtos da nova actividade de Horta.

-Compra de vehículos, maquinaria e pequenas ferramentas para mellorar o servizo aos socios.

-Instalación duns 10.000 metros cadrados de invernadoiro para diversificar o risco de produción e abastecer aos distintos provedores da Sección Horta.

-Estudar a posibilidade de facerlle fronte a unha instalación de enerxía renovable, segundo rendibilidade e disponibilidades da cooperativa.

-Participación, xunto con outras cooperativas, na creación da Agrupación Láctea Cooperativa.



Tamén por acordo da asemblea xeral, todos aqueles agricultores que teñan interese en formar parte como **novos socios da cooperativa MELISANTO**, comunícaselles que a aportación ao Capital social máis a Cota de ingreso ascende ao valor de 2.700 euros ata que finalice o ano 2009. A Consellería de Medio Rural saca anualmente unha liña de axudas para subvencionar o 50 % dese importe.



A partir do día 1 de outubro as instalacións da cooperativa MELISANTO aplicarán o seguinte **horario de inverno**:

De luns a venres: De 10 a 14 horas, pola mañá,
e de 16 a 19 horas, pola tarde.

Sábados: De 10 a 14 horas. Tardes pechado.

Domingos e festivos: Pechado, cun servizo de garda veterinario para atender ás urxencias gandeiras.



Como se ven facendo ano tras ano, os socios recibirán unha circular para que anoten o **pedido das patacas para a sembra**, que será devolto á cooperativa antes da data fixada para poder reservar as mesmas ao seu debido tempo, conseguir as variedades solicitadas, co calibre axeitado e co mellor prezo posible.

CONDICIONALIDADE ANO 2008

ASPECTOS MÁIS SALIENTABLES A CUMPRIR NO ÁMBITO DE BENESTAR ANIMAL

As axudas da PAC a partir do ano 2005 obrigan a que os agricultores cumpran con determinadas normas referentes ás boas condicións agrarias e medioambientais, ao medio ambiente, á saúde pública, zoonidade e fitosanidade e, ao benestar dos animais. O conxunto destas obrigas denomínase Condicionalidade.

As obrigas máis salientables a cumprir no ámbito de BENESTAR ANIMAL **XATOS**

- Os aloxamentos individuais para xatos terán unha anchura polo menos igual á altura do animal á cruz estando de pe, e a súa lonxitude polo menos igual á lonxitude do xato medida dende a punta do nariz ata o extremo caudal do isquion e multiplicada por 1,1. Os aloxamentos para animais non enfermos serán de tabiques perforados que permitan contacto visual e táctil directo entre xatos, e o espazo mínimo axeitado na cría en grupo debe ser: 1,5 m² (menos de 150 Kg), 1,7 m² (entre 150 e 220 kg), 1,8 m² (máis de 220 kg).

- Non se manterán pechados en recintos individuais a xatos de idade superior a 8 semanas.

- As cortes construíranse de xeito que todos os xatos poidan tenderse, descansar, levantarse e limparse sen perigo.

- Non se atará aos xatos (a excepción dos aloxados en grupo, que se atarán durante periodos de non máis dunha hora no momento da lactancia ou da toma de produto substitutivo do leite), e si se ata aos xatos, as ataduras non causarán feridas e estarán deseñadas de tal xeito que se evite o risco de estrangulación ou ferida, e se inspeccionarán periódicamente.

- Os materiais que se utilicen para a construción das cortes e equipos cos que os animais poidan estar en contacto non serán perxudiciais para os animais, e poderasen limpar e desinfectar a fondo.

- As cortes, xaulas, utensilios e equipos destinados aos xatos limpanse e desinfectaranse axeitadamente para previr infeccións cruzadas e a aparición de organismos patóxenos, e as feces, ouriños e os alimentos non consumidos ou vertidos retiraranse con frecuencia.

- Os solos non serán esvaradizos e non presentarán asperezas, e os xatos de menos de 2 semanas disporán de leite axeitado.

• Os equipos para o suministro de alimentos e auga estarán concebidos, construídos, instalados e mantidos de xeito que se reduza ao mínimo o risco de contaminación dos alimentos e do auga destinada aos xatos.

• Non se manterán permanentemente aos xatos na escuridade, disparse dunha iluminación axeitada, natural ou artificial, equivalente polo menos no segundo caso ao tempo de iluminación natural dispoñible entre as nove e as dezaseis horas, e disparse de iluminación apropiada para poder levar a cabo unha inspección completa dos animais en calquera momento.

• Os equipos automáticos ou mecanismos indispensables para a saúde e o benestar dos xatos inspeccionaranse polo menos unha vez ao día, e cando a saúde e o benestar dos animais dependa dun sistema de ventilación artificial, estará provisto dun sistema de substitución axeitado, que conte cun sistema de alarma que advirta, no caso de avaría, e que se probe periódicamente.

• Os xatos recibirán polo menos dúas racións diarias de alimento, e no caso dos xatos aloxados en grupo e que non sexan



alimentados a vontade ou por un sistema automático, cada xato terá acceso ao alimento ao mesmo tempo que os demais.

• Os xatos de máis de 2 semanas de idade terán acceso a auga fresca axeitada, distribuída en cantidades suficientes, ou poderán saciar a súa necesidade de líquidos mediante a ingestión doutras bebidas, e cando faga calor ou cando os xatos estean enfermos disporán de auga potable en todo momento.

• Os xatos recibirán costro nas primeiras 6 horas de vida.

• A alimentación dos xatos conterá o ferro suficiente para garantir un bo estado de saúde e un axeitado nivel de benestar.

• Non se lles porá bozo aos xatos.

• Proporcionaráselle a cada xato de máis de 2 semanas de idade unha ración diaria de fibra, aumentándoselle a cantidade de 50 a 250 gramos diarios para os xatos de 8 a 20 semanas de idade.

- Cando os animais se manteñan temporalmente en recintos individuais (enfermos ou agresivos), poderán darse a volta facilmente, salvo que haxa unha instrución en contra do veterinario.

PORCOS

- En todas as explotacións de porcino no se atarán as porcas, xa que está prohibido dende o 1/1/2006.

- En leitóns destetados e porcos de produción, a densidade de cría en grupo será axeitada: 0,15 m² (peso menor de 10 kg), 0,20 m² (peso 10-20 kg), 0,30 m² (peso 20-30 kg), 0,40 m² (peso 30-50 kg), 0,55 m² (peso 50-85 kg), 0,65 m² (peso 85-110 kg), 1 m² (peso superior a 110 kg).

- En explotacións que se constrúan ou reconstrúan, ou cometen a utilizarse por primeira vez a partir do 1 de xaneiro de 2003, a superficie do solo dispoñible para cada porca, ou cada porca nova despois da cubricióncriadas en grupo, será polo menos 1,64 m²/porca nova e 2,25 m² por porca despois da cubrición, (en grupos inferiores a 6 individuos a superficie do solo incrementárase polo menos nun 10 % e cando os animais se críen en grupos de 40 individuos ou máis, pódese diminuír nun 10%). Para as porcas e porcas novas durante o período comprendido entre as 4 semanas seguintes á cubrición e os 7 días anteriores á data prevista do parto, os lados do recinto superarán os 2,8 metros no caso de que se manteñan en grupo, ou os 2,4 metros cando os grupos son inferiores aos 6 individuos, e en explotacións con menos de 10 porcas e mantidas illadas, poderanse dar a volta no recinto.

- Tamén desde a data anterior, para porcas novas despois da cubrición e porcas xestantes criadas en grupo, da superficie total o chan continuo compacto ofrecerá polo menos 0,95 m²/porca nova e 1,3 m²/porca, e as aberturas de evacuación ocuparán, como máximo, o 15% da superficie do solo continuo compacto.

- Para porcos criados en grupo, cando se utilicen chans de formigón emparrillados, a anchura das aberturas será axeitada á fase produtiva dos animais (non superar: para leitóns 11 mm; para leitóns destetados, 14 mm; para porcos de produción, 18 mm; para porcas e porcas xoves despois da cubrición, 20 mm), e a anchura das viguetas será axeitada ao peso e tamaño dos animais (un mínimo de 50 mm para leitóns e leitóns destetados e 80 mm para porcos de produción, porcas e porcas novas despois da cubrición).

- As porcas e porcas novas mantidas en grupos alimentaranse mediante un sistema que garanta que cada animal poida comer suficientemente, aínda en presenza doutros animais que compitan pola comida.

- As porcas novas, porcas post-destete e porcas xestantes recibirán unha

cantidade suficiente de alimentos ricos en fibra e con elevado contido energético.

- De ser necesario, as porcas xestantes e porcas novas serán tratadas contra os parasitos internos e externos.

- Os leitóns serán destetados con 4 semanas ou máis de idade e si son destetados antes das catro semanas, serán trasladados a instalacións axeitadas.



- Cando os porcos se crían en grupo, adoptaranse as medidas que preveñan as pelexas, que excedan ao comportamento normal.

- Para leitóns destetados e porcos en produción, cando os grupos son mestura de leitóns de diversa procedencia, o manexo permitirá a mestura a curtas idades. Os animais especialmente agresivos ou en perigo a causa das

agresións, manteranse separados do grupo. O uso de tranquilizantes será opcional e sempre previa consulta co veterinario.

- Adoptaranse medidas que minimicen as agresións nos grupos de porcas e porcas novas. Disporán dun espazo libre acondicionado para o parto. As celas de parto contarán con dispositivos de protección dos leitóns, como barrotos. Os leitóns disporán dunha superficie de chan que permita que todos os animais se recosten ao mesmo tempo, e que dita superficie sexa sólida ou con material de protección.

- A parideira permitirá que os leitóns dispoñan dun espazo suficiente para o seu amamentamento. O ruído continuo no recinto de aloxamento non superará os 85 dBe. Os animais disporán de polo menos 8 horas diarias de luz con unha intensidade mínima de 40 lux.

- Os aloxoamentos estarán acondicionados convenientemente e os locais de estabulación permitirán acceder a un área de repouso limpa e cómoda, na que os animais poidan ter contacto visual con outros porcos. Os chans serán lisos, non escorregadizos, ríxidos ou con leito axeitado.

- As celas dos verróns estarán situadas e construídas de tal xeito que os verróns poidan darse a volta, oír, ulir, e ver aos demais porcos, e a superficie do chan libre será igual ou superior a 6 m². Se os recintos tamén se utilizan para a cubrición, a superficie mínima será de 10 m².

- As porcas e porcas novas disporán antes do parto de suficiente material de crianza, cando o sistema e esterco líquido o permita.

- Todos os porcos serán alimentados polo menos unha vez ao día e no caso de alimentación en grupo, os porcos terán acceso simultáneo aos alimentos.

- Todos os porcos de máis de 2 semanas terán acceso permanente a unha cantidade suficiente de auga fresca.

- En relación ás mutilacións, a redución dos dentes non se efectuará de xeito rutinario, realizarase nos 7 primeiros días de vida por un veterinario ou persoal axeitadamente formado. A castración dos machos efectuarase sen desgarramentos. Si se realiza tralo 7º día de vida, farao un veterinario e con anestesia e analxesia. O raboteo parcial non se efectuará de xeito rutinario, nos 7 primeiros días de vida con anestesia e analxesia, por un veterinario a partir do 7º día, e antes do 7º día por persoal axeitadamente formado. Unicamente se realizarán outras intervencións traumáticas ou mutiladoras justificadas por motivo de identificación, tratamento ou diagnóstico.

PARA AMBAS ESPECIES DE ANIMAIS

- Os animais inspeccionaranse como mínimo unha vez ao día (os estabulados dúas veces ao día). Todo animal que pareza enfermo ou ferido recibirá inmediatamente o tratamento axeitado, consultando ao veterinario se é preciso, e illaranse convenientemente con leitos secos e confortables.

- Os animais estarán coidados por un número suficiente de persoal con capacidade, coñecementos e competencia profesional suficiente.

- A circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gases manterase dentro duns límites que non sexan perxudiciais para os animais.

- Os circuítos e instalacións eléctricas estarán instalados de conformidade coa normativa nacional vixente para evitar calquera descarga eléctrica.

- Os animais non se manterán na escuridade permanentemente nin estarán expostos sen unha interrupción axeitada á luz artificial, e no caso de que a iluminación natural sexa insuficiente, facilitaráselles iluminación artificial axeitada.

- Soamente se subministrarán aos animais substancias con fins terapéuticos, profilácticos ou zootécnicos, consonte co Real Decreto 2178/2004 do 12 de novembro.

- Non se manterá a ningún animal na explotación con fins gandeiros que carree consecuencias prexudiciais para o seu benestar.

CAMBIOS DE USOS DOS SOLOS, DE FORESTAL A AGRÍCOLA OU DE AGRÍCOLA A FORESTAL

A normativa de defensa contra incendios forestais ven a regular este tipo de cambios de usos dos solos, de forestal a agrícola ou de agrícola a forestal.

Cambio de cultivo de forestal a agrícola (ARADURA/ ARROTEAMENTO):

Débese presentar unha solicitude antes de facer o cambio para cumprir os seguintes compromisos:

– A solicitude por escrito dirixida á Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural seguirá o modelo que aparece no Decreto 105/2006 do 22 de xuño (DOG nº 125 do 30 de xuño de 2006) polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regularización de aproveitamentos e repoboacións forestais, que entrou en vigor ao día seguinte das súa publicación. Esta solicitude dará lugar aos seguintes informes:

– Se houbo incendio nos últimos tres anos, só se dará autorización en casos moi excepcionais, regulados pola Lei de montes.

– Se está en Rede Natura 2000 ou zona de riveira, necesitará, ademais, informe favorable da Consellería de Medio Ambiente.

- En base a estes informes a Delegación Provincial emitirá unha resolución favorable ou negativa.

- As sancións no caso de non ter a autorización para o cambio de cultivo, considerada como infracción leve, poden oscilar entre os 100 e



1.000 euros. Incoa o expediente e resolve a Delegación Provincial cun prazo para notificar e resolver de 9 meses.

- No caso de estar en Rede Natura as sancións serán máis elevadas.

Plantacións forestais en solos agrícolas:

Cando se presenta algunha denuncia sobre plantacións forestais en solos agrícolas: prado, pasto, labradío ou cultivo, prohibidas dende o 1 de xullo de 2006, polo Decreto 105/2006 e posteriormente pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, publicada no DOG o día 17 de abril de 2007 e que entrou en vigor o día seguinte, actuarase do seguinte xeito:

A orixe da denuncia pode proceder dun particular, administración autonómica, concello, SEPRONA ou outros.

– Se o denunciante é un particular, ca solicitude dirixida á Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural comprobarase a calificación do terreo no SIXPAC e Catastro, realizándose un informe, se procede, e requirirase ao denunciado para que no prazo de 30 días arranque a plantación, que de non facelo darase traslado do expediente ao Servizo Xurídico para a apertura do correspondente expediente sancionador.

– As sancións lexisladas son as seguintes:

– Moi graves: se afectan a plantacións de máis de 25 hectáreas. Resolve o Conselleiro. O importe oscila entre 100.001 a 1 millón de euros.

– Graves: No caso de forestacións que se realicen en terreos incluídos nas faixas de especial protección de núcleos de poboación. Resolve a Dirección Xeral de Montes. O importe vai de 1001 a 100.000 euros.

– Leves no resto dos casos: Resolve a Delegación Provincial. O importe oscila entre 100 e 1.000 euros.

– Poderían autorizarse plantacións con frondosas caducifolias ou outras plantas autóctonas de estación no caso de que exista un plan de ordenación de cultivos ou forestal. Este plan debe estar autorizado pola Consellería de Medio Rural.

– Os frutais non son especies forestais, e non están sometidas a estas limitacións. No caso de especies que poden considerarse mixtas: forestais/frutais,

como son a cerdeira, castiñeiro ou nogueira, poderían considerarse de froito cando o marco de plantación sexa superior a 7 x 7 e sexan inxertadas. No caso de plantacións feitas nos 50 metros ó redor das vivendas ou núcleos de poboación, este marco debe incrementarse a 10 x 10 metros.

Normativa reguladora dos cambios de usos

De agrícola a forestal: O artigo 28º do Decreto 105/2006 fala de que non se poderán mudar os usos primarios dos terreos recollidos nos Plans xerais de ordenación municipal ou aqueles que tradicionalmente se veñan realizando nunha zona concreta aínda que non estea así recollidos nos devanditos plans xerais.

Asemismo establécense as seguintes prohibicións:

- Prohíbense as repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais.
- Prohíbense as repoboacións forestais en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos.
- En zonas incluídas nun proceso de concentración parcelaria, os usos deberanse adaptar ao plan de ordenación de cultivos ou forestal, tal e como prevé a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, coas súas sucesivas modificacións.

Con posterioridade, esta normativa está ratificada pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

De forestal a agrícola: O artigo 3º do Decreto 105/2006 fala dos trámites precisos para a autorización de arroteamento, rematando con que se non se emite resolución expresa sobre a solicitude de autorización de arroteamento de terreos forestais no prazo de tres meses, esta entenderase estimada por silencio administrativo.

Tamén no artigo 40º da Lei 3/2007 fai referencia á autorización de aradura, así como no artigo 50 da Lei 43/2003, de 21 de novembro de Montes.

Todos os cambios de cultivo deben comunicarse ao Catastro, así como ao SIXPAC, de ser o caso.



INFORMACIÓN PARA O CAMPO

AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O ACCESO DAS MULLERES Á COTITULARIDADE DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

Obxecto:

Promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a alta na Seguridade Social das mulleres labregas galegas para lles facilitar o acceso á cotitularidade, ou titularidade compartida, das explotacións agrarias, das cales unicamente é titular un home co que existe relación conyugal ou análoga.

Beneficiarios:

a) As mulleres desempregadas que acceden á cotitularidade dunha explotación agraria e se anoten no rexistro de explotacións agrarias da Consellería do Medio Rural e causen alta na Seguridade Social.

b) As mulleres que, en situación de alta na Seguridade Social, no réxime especial agrario por conta propia ou no de autónomas, acceden por primeira vez á cotitularidade da explotación agraria en que traballan e se anotan no rexistro de explotacións agrarias da Consellería do Medio Rural.

A solicitude de inscrición no rexistro será posterior ao 1 de Janeiro de 2007 e anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Contía das axudas:

Consisten nunha prima, por unha soa vez por explotación e beneficiaria de 2.000 euros pola inscrición das solicitantes como cotitulares no rexistro de explotacións agrarias da Consellería do Medio Rural. Trátase dunha axuda sometida ao réxime de mínimos para o sector agrario polo que se observará o cumprimento do límite de axuda total mínimos establecido no regulamento de aplicación.

Documentación a presentar ca solicitude:

As solicitudes presentaranse, preferentemente, no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou por calquera das formas

previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no modelo normalizado. Xunto ca solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Copia do DNI da solicitante.

b) Certificado de anotamento como cotitular da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia da Consellería do Medio Rural ou, na súa falta, solicitude de inscrición. Para o caso de que non se achegue a citada certificación, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller solicitará ao órgano competente da Consellería do Medio Rural, con anterioridade á proposta de resolución, informe do cumprimento das condicións para o anotamento.

c) Informe original de vida laboral, actualizado á data da solicitude, emitido pola Seguridade Social.

d) Copia da resolución sobre recoñecemento de alta da cotitular no réxime correspondente da Seguridade Social.

e) Compromiso expreso de mantemento da cotitularidade durante 5 anos asinado polos dous cotitulares.

f) Declaración actualizada do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

g) Certificación original expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta da solicitante na que conste o código do banco, o código da sucursal, díxito de control e código de conta corrente.

No suposto de que a solicitude non estivese debidamente cuberta ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as solicitantes para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos ou emenden os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixeren, teranse por desistidas da súa petición.

A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social de que as solicitantes se encontran ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración galega.

Resolución da solicitude:

Corresponde á Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Teléfono 981-545351.

Aceptación da subvención:

No prazo de dez días hábiles, desde a recepción da notificación da concesión, as beneficiarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación.

As beneficiarias desta subvención estarán obrigadas a ter unha permanencia ininterrompida como cotitular da explotación de cinco anos como mínimo e cumprir os requisitos de publicidade.

Durante este tempo deberá permanecer anotada no rexistro de explotacións agrarias de Galicia.

As beneficiarias facilitarán toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Período de xustificación:

O prazo para a presentación da documentación xustificativa para a percepción da axuda comeza desde o momento da aceptación da subvención ata o 5 de decembro de 2008.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións esixidas na resolución.

Prazo de presentación da solicitude:

Comeza a partir do 2 de agosto de 2008 e finaliza o 30 de outubro de 2008.





*Avanzamos no camiño da calidade...
porque nos debemos aos socios*

AS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL (UXFOR)

O MINIFUNDISMO FORESTAL EN GALICIA

En Galicia hai máis de 600.000 propietarios e máis de 6 millóns de parcelas forestais, que totalizan 1.270.000 hectáreas e representan o 66% da superficie forestal.

As consecuencias deste minifundismo son:

Desorde e falta de xestión profesional

Dificultade na mecanización do monte, baixa rendibilidade e abandono.

Dificultade no combate do lume e maiores extensións queimadas.

AS VANTAXES DUNHA REORGANIZACIÓN DA XESTIÓN DA PROPIEDAD COAS UXFOR

- Acreditación da propiedade e localización das parcelas posta en valor do monte.
- Acceso a axudas, rendas periódicas e xestión común e profesionalizada.
- Aproveitamento da multifuncionalidade do monte e creación de unidades produtivas de maior tamaño.
- Optimización da rendibilidade dos predios forestais con diminución do risco de incendio, acadando unha xestión sustentable para pequenos propietarios.

COMO SE CREA UNHA UXFOR

- Por iniciativa dos representantes de máis do 50% da superficie forestal a partir de 15 ha.
- De oficio por decreto do Consello da Xunta se a reorganización da propiedade foi prevista no Plan de Prevención de Incendios Forestais de Distrito.

PASOS PARA A CREACIÓN DUNHA UXFOR

1.- Proposta asinada coa representación de máis da metade da superficie forestal (mínimo 15 hectáreas). Acompañada da seguinte documentación:

- Informe de investigación da propiedade.
- Proxecto de estatutos do órgano de xestión da UXFOR.
- Proxecto de Instrumento de Xestión Forestal.

2.- Acordo e publicación no Diario Oficial de Galicia e nun xornal de ampla difusión da zona. Información pública durante máis de 20 días e notificación individual a titulares e propietarios.

3.- Outorgamento da aprobación definitiva por parte da Consellería en menos de 6 meses tras a fase de información pública. Aprobación final, publicación e inscrición no rexistro.

4.- Constitución da entidade de xestión antes dun mes tras a aprobación definitiva dos estatutos.

ENTIDADE DE XESTIÓN DA UXFOR ENTIDADE DE XESTIÓN DA UXFOR

- Ten personalidade xurídica. Está composta polos propietarios e rexida estatutaria e democraticamente.

- Toma os acordos por maioría simple, agás na aprobación de regularización de teselas, do instrumento de xestión forestal e dos estatutos, para o que se precisa de maioría absoluta.

- Ten un órgano rector (Xunta Rectora) no que está un representante da Consellería do Medio Rural.

COMO SE XESTIONA A SUPERFICIE DA UXFOR

- Mediante un documento técnico que se denomina Instrumento de Xestión Forestal que transmite a vontade dos propietarios e respecta o contido da Lei de prevención de incendios forestais.